



Dirección Xeral de Formación Profesional
Rede de Conservatorios Profesionais de Música e Danza de Galicia

MD85PRO01

Anexos Probas de acceso a 2º, 3º, 4º de GE

Centro: Conservatorio Profesional de Danza

Curso: 2023 - 2024



Índice

1. Información xeral

1.1 Lexislación

1.2 Requisitos e procedementos

2. Probas de acceso a outros cursos de Grao Elemental

2.1 Acceso a 2º

2.2 Acceso a 3º

2.3 Acceso a 4º

1. Información xeral

1.1 Lexislación

CIRCULAR 3/2009 pola que se regulan as probas de acceso ao grao elemental das ensinanzas de réxime especial de danza.

DECRETO 196/2007, do 20 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de danza.

Instrución 7/2023, da Dirección Xeral de Formación Profesional, para a aplicación do calendario do curso 2023/24 nos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza, e conservatorios superiores de música

1.2 Requisitos, probas de acceso, superación das probas, matrícula e procedemento para a reclamación das cualificacións

Para acceder aos ensinos de grao elemental de danza será requisito imprescindible superar unha proba específica de acceso, que garante os principios de igualdade, mérito e capacidade.

Poderase acceder a calquera outro curso do grao elemental sen superar os anteriores, sempre que se supere a correspondente proba. En calquera caso, o acceso a outro curso do grao elemental estará supeditado á existencia de prazas vacantes nos respectivos cursos. As probas de acceso ao primeiro curso do grao elemental, ao primeiro curso do grao profesional, así como a outros cursos do grao elemental e do grao profesional, desenvolveranse a partir do día 4 de xuño, e de acordo cos calendarios específicos a tal efecto elaborados polos centros educativo

A superación das probas de acceso só será válida para obter posto escolar no centro, segundo a puntuación final acadada, e no ano académico no que esta se realiza. Para estes efectos, os alumnos que unha vez matriculados se trasladen de centro por matrícula viva, non terán que volver a realizar a proba.

Os aspirantes a ingresar noutros cursos do grao elemental disporán dun máximo de dúas convocatorias por curso. Non se computarán as probas nas que se obtivo a puntuación mínima para o acceso aos ditos cursos. Os aspirantes que tendo superado as probas, non resulten admitidos pasarán a relacionarse nunha lista de espera a efectos de poder obter praza no caso de producirse unha vacante.

O interesado ou interesada ou os seus representantes legais poderán reclamar ante a dirección do centro, nun prazo de cinco días naturais contra as cualificacións da proba de acceso, cando consideren que a cualificación se outorgou sen a obxectividade requirida debido a:

- a) Inadecuación da proba proposta en relación cos contidos establecidos polo centro para esta.
- b) Incorrecta aplicación dos criterios de avaliación establecidos polo centro. No suposto de reclamación contra as cualificacións da proba de acceso, o/a director/a do centro antes da súa resolución, someteraa ao tribunal

correspondente que poderá ratificarse na cualificación outorgada, ou estimar a procedencia de rectificala.

No suposto de que a reclamación sexa desestimada, o/a interesado/a poderá instar no prazo de dous días hábiles, para que a dirección remita o expediente á Delegación territorial correspondente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que, logo do informe do Servizo Provincial de Inspección Educativa, ditará a resolución procedente.

- Os aspirantes deben vir ao centro provisto do seu DNI ou documento acreditativo da súa identidade.

2. Probas de acceso a outros cursos de grao elemental

2.1 ACCESO A 2º CURSO DE GRAO ELEMENTAL

A proba constará de tres apartados, cada un deles correspóndese cunha materia do curso anterior:

- 1- Danza clásica
- 2- Danza de carácter
- 3- Música

Cada un dos apartados puntuarase de 1 a 10 puntos. Será necesario un mínimo de 5 puntos en cada un deles para considerar a cualificación como positiva. Unha vez superados os tres apartados, procederase ao cálculo da media ponderada, que se axustará ás seguintes porcentaxes:

Danza clásica 70%

Danza de carácter 15%

Música 15%

A puntuación final media, así calculada, será como mínimo de 5 puntos para poder superar a proba.

DANZA CLÁSICA ACCESO A 2º DE GRAO ELEMENTAL_70%_Execución de exercicios de base académica no chan, na barra e no centro, do nivel do curso anterior ao que se pretende acceder. A duración non será superior a 90 minutos e serán dirixidos e acompañados por profesorado e profesorado pianista do centro.

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN
<p>Chan: Exercicios de pes, colocación de torso, pernas, traballo do en deors e da flexibilidade.</p> <p>Barra: Demi -pliés e relevés en 1ª posición</p> <p>Centro: Port de bras empregando a 1ª e 5ª posición. Saltos en 1ª posición, chassés e galops. Exercicio rítmico en compás binario.</p> <p>Exercicio de improvisación.</p>	<p>1-Realizar exercicios que o profesor marque no momento, empregando distintos ritmos e velocidades axeitadas a este nivel. Con este criterio, trátase de comprobar que o alumno aprendeu a moverse empregando distintas métricas musicais.</p> <p>2-Realizar exercicios que o profesor marque no momento con diferentes puntos de apoio. Con este criterio, trátase de comprobar a correcta colocación do corpo, mantendo o eixo e na procura constante do emplazamento da pelve e control do torso para a obtención dunha base sólida segura.</p> <p>3. Realizar no centro un exercicio de movemento de brazos marcado polo profesor. Con este criterio trátase de comprobar que o alumno aprendeu distintas sensacións durante o movemento dos brazos.</p> <p>4- Realizar un exercicio de saltos. Este criterio pretende comprobar o impulso ao dobrar e estirar as pernas rapidamente, o control e suxeición do <i>demi plié</i> para o empurre e a caída do salto, de dúas pernas, a suxeición do torso, así como a elevación das cadeiras no salto.</p> <p>5- Realizar improvisacións seguindo as distintas pautas marcadas polo profesor. Con este criterio trátase de comprobar a creatividade, naturalidade e musicalidade do alumno/a.</p>
	<p><i>*Todos os indicadores de avaliación terán o mesmo valor</i></p>

DANZA DE CARÁCTER ACCESO A 2º GRAO ELEMENTAL_15%

Este apartado consistirá na realización de diferentes exercicios no centro, que inclúan exercicios rítmicos, paso de marcha, paso de polka e desprazamentos polo espazo.

CONTIDOS

Exercicio práctico no centro que inclúa os seguintes contidos de Danza Rusa: Palmas en ritmos binarios e ternarios,

Sapogi port de bras, Heel extensions á 2ª.

Heel extensions diante. *Sapogi step*.

Combinacións de saltos e skips.

Picked-up springs.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Executar un exercicio práctico no que o aspirante amose

1. sentido rítmico (25%)

2- coordinación (25%)

3- estilo (25%)

4- expresividade (25%)

MÚSICA ACCESO A 2º GRAO ELEMENTAL_15%_O apartado de música, constará de 3 partes: Un exercicio para valorar as aptitudes rítmicas; Un exercicio para valorar as aptitudes auditivas mediante unha proba de audición; Un exercicio para valorar os coñecementos teóricos.

CONTIDOS

Son. cualidades do son. Son - Ruido. Son - Silenzo. Pulso. Acento. Compás. 2/4 e 3/4. Figuras: branca, negra e corchea.

Silencios: branca, negra e corchea. Notas da escala. Pentagrama. Clave de Sol.

Partes da figura. Termos básicos do Matiz. Termos básicos do Tempo.

Cancións melódicas a 1 voz. Signos de repetición. Formas básicas: Rondó.

Instrumentos Orff. Forma pregunta e resposta.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

1- Imitar estruturas melódicas e rítmicas breves coa voz e coa percusión

2- Recoñecer os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical.

3- Distinguir e facer uso dos elementos que se utilizan na representación gráfica da música (notas, figuras, clave, indicacións de dinámica, de tempo, o compás)

4- Recoñecer e aplicar os ritmos e compases traballados a través da lecturamusal. 5- Diferenciar acústicamente e visualmente os instrumentos orff.

Interpretar distintas pezas musicais. 6- Intervir nas actividades de canto colectivo (no caso de que sexa posible) adaptando a súa expresión e entoación o nivel sonoro do conxunto. 7- Interpretar as cancións

8- Realizar exercicios de percepción auditiva sobre aspectos básicos como ascendente e descendente, forte e débil, pregunta resposta, grave agudo. 9- Recoñecer auditivamente e percutir o pulso dunha obra ou fragmento. Executar movementos precisos acordes con aspectos rítmicos dun fragmento escoitado. 10-

Manter o pulso durante períodos breves de silenzo.

**Todos os indicadores de avaliación terán o mesmo valor*

2.2 ACCESO A 3º CURSO DE GRAO ELEMENTAL

A proba constará de tres apartados, cada un deles correspóndese cunha materia do curso anterior:

- 1- Danza clásica
- 2- Danza de carácter
- 3- Música

Cada un dos apartados puntuarase de 1 a 10 puntos. Será necesario un mínimo de 5 puntos en cada un deles para considerar a cualificación como positiva. Unha vez superados os tres apartados, procederase ao cálculo da media ponderada, que se axustará ás seguintes porcentaxes:

Danza clásica_70%

Danza de carácter_15%

Música_15%

A puntuación final media, así calculada, será como mínimo de 5 puntos para poder superar a proba.

DANZA CLÁSICA ACCESO A 3º DE GRAO ELEMENTAL_70%_Execución de exercicios de base académica no chan, na barra e no centro, do nivel do curso anterior ao que se pretende acceder. A duración non será superior a 90 minutos e serán dirixidos e acompañados por profesorado e profesorado pianista do centro.

CONTIDOS

Chan: exercicios de flexibilidade

Barra: Demi- pliés, grand pliés e relevés en 1ª e 2ª posición, cambios de peso e equilibrios. Battement tendu en cruz Rond de jambes por medios e coupés Preparación do fondu

Centro: Port de bras que inclua 1ª, 2ª e 5ª posición Temps levé en 1ª, 2ª posición, echappés, galops en diferentes direccións e pas de basque sauté. Exercicio rítmico en compás binario e ternario

Exercicio de **improvisación**

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

- 1- Realizar os exercicios aprendidos que compoñen a barra que o profesor marque no momento, empregando o tempomusical esixido neste nivel e a coordinación dos brazos, pernas e cabeza. Con este criterio trátase de comprobar a progresión na colocación do corpo, valorando ademais o control do eixo, o desenvolvemento do *en dehors* e das resistencias, para a obtención dunha base sólida e segura.
- 2- Repetir e realizar no centro os exercicios estudados na barra que o profesor marque no momento. Con este criterio trátase de comprobar se o alumno tomou conciencia do seu equilibrio e das direccións no espazo, empregando correctamente o tempo musical e a coordinación.
- 3- Realizar un exercicio rítmico no que se coordine con musicalidade, paso marcha, palmas e galops en compás binario e ternario. Con este criterio comprobarase que o alumno asimilou o tempo musical, o ritmo e aprendeu a moverse seguindo distintas métricas e velocidades.
- 4- Realizar un exercicio de saltos. Este criterio pretende comprobar o impulso ao dobrar e estirar as pernas rapidamente, o control e suxeición do *demi plié* para o empurre e a caída do salto, de dúas pernas, a suxeición do torso, así como a elevación das cadeiras no salto.
- 5- Realizar improvisacións seguindo as distintas pautas marcadas polo profesor. Con este criterio trátase de comprobar a creatividade, naturalidade e musicalidade do alumno/a.
- 6- Reproducir e interpretar un exercicio de *port de bras*. Este criterio pretende comprobar que o alumno interiorizou a colocación dos brazos e o torso e coordinou movemento coa cabeza e a mirada.

**Todos os indicadores de avaliación terán o mesmo valor*

DANZA DE CARÁCTER ACCESO A 3º GRAO ELEMENTAL _15%	
<p>CONTIDOS</p> <p><i>Exercicio práctico no centro que inclúa os seguintes contidos de Danza Rusa: Palmas en ritmos binarios e ternarios, Sapogi port de bras, Heel extensions á 2ª. Heel extensions diante. Sapogi step. Combinacións de saltos e skips. Picked-up springs.</i></p> <p><i>Exercicio práctico no centro que inclúa os seguintes contidos de Danza Húngara: Port de bras. Pas de basques e cifras simples, an avant e an arriere, por ¼ e sauté; Czardas simples.. Heel toe step. Paso cruzados.</i></p>	<p>CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN</p> <p>1- Executar un exercicio práctico no que o aspirante amose sentido ritmico e coordinación, dacordo ao estilo e expresividade propias da Danza Rusa. (50%).</p> <p>2- Executar un exercicio práctico no que o aspirante amose sentido ritmico e coordinación, dacordo ao estilo e expresividade propias da Danza Húngara. (50%).</p>
MÚSICA ACCESO A 3º GRAO ELEMENTAL_15%_ O apartado de música, constará de 3 partes: Un exercicio para valorar as aptitudes rítmicas; Un exercicio para valorar as aptitudes auditivas mediante unha proba de audición; Un exercicio para valorar os coñecementos teóricos.	
<p>CONTIDOS</p> <p>Signos de repetición. Ademais dos contidos do curso anterior serán: Figura: a semicorcheas e a redonda.</p> <p>Ritmos: 4 semicorcheas; 1cochea + 2 semicorcheas e viceversa. Liñas adicionais.</p> <p>Ritmo - Melodía – Harmonía. Compás de 4/4. Anacrusa.</p> <p>Signos de prolongación.</p> <p>Ton e semitón. Alteracións. Graos da escala.</p> <p>Termos de expresión, agóxica e dinámica.</p> <p>Os 4 grupos de instrumentos musicais clásicos.</p> <p>Forma: canon. Rondó.</p> <p>Respiración – Emisión.</p> <p>Control postural - relaxación.</p>	<p>CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN</p> <p>1-Manter o pulso durante períodos breves de silencio, e durante toda unha obra.</p> <p>2-Distinguir e facer uso dos elementos que se utilizan na representación gráfica da música (notas, figuras, clave, indicacións de dinámica, de tempo, o compás)</p> <p>3-Intervir nas actividades de canto colectivo adaptando a súa expresión e entoación o nivel sonoro do conxunto.Coordinar o movemento en grupo.</p> <p>4- Realizar exercicios de percepción auditiva sobre aspectos básicos como ascendente e descendente, forte e débil , pregunta resposta, grave agudo</p> <p>5-Executar a través de percusión instrumental ou vocalmente estruturas rítmicas</p> <p>6-Coñecer e recoñecer os aspectos da teoríamusical.7- Improvisar sobre un patrón ou libremente. 8-Recoñecer na audición os distintos parámetros musicais.Recoñecer os instrumentos clásicos na audición e na visualización. 9-Imitar estruturas melódicas e rítmicas breves coa voz e coapercusión. 10-Interpretar as cancións con corrección.</p>
<p><i>*Todos os indicadores de avaliación terán o mesmo valor</i></p>	



2.3 ACCESO A 4º CURSO DE GRAO ELEMENTAL

A proba constará de catro apartados, cada un deles correspóndese cunha materia do curso anterior:

- 1-Danza clásica
- 2-Danza de carácter
- 3-Danza Galega
- 4-Música

Cada un dos apartados puntuarase de 1 a 10 puntos. Será necesario un mínimo de 5 puntos en cada un deles para considerar a cualificación como positiva. Unha vez superados os catro apartados, procederase ao cálculo da media ponderada, que se axustará ás seguintes porcentaxes:

- Danza clásica 70%
- Danza de carácter 10%
- Danza galega: 10%
- Música 10%

A puntuación final media, así calculada, será como mínimo de 5 puntos para poder superar a proba.

DANZA DE CARÁCTER ACCESO A 4º GRAO ELEMENTAL _10%	
<p>CONTIDOS Exercicio práctico no centro que inclúa os seguintes contidos de Danza Rusa: Palmas en ritmos binarios e ternarios, <i>Sapogi port de bras, Heel extensions</i> á 2ª. <i>Heel extensions</i> diante. <i>Sapogi step</i>. Combinacións de saltos e skips. <i>Picked-up springs</i>.</p> <p>Exercicio práctico no centro que inclúa os seguintes contidos de Danza Húngara: <i>Port de bras. Pas de basques ecifras simples, an avant e an arriere, por ¼ e sauté; Czardas simples.. Heel toe step. Paso cruzado.</i></p>	<p>CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN</p> <p>1-Executar un exercicio práctico no que o aspirante amose sentido ritmico e coordinación, dacordo ao estilo e expresividade propias da Danza Rusa. (50%)</p> <p>2-Executar un exercicio práctico no que o aspirante amose sentido ritmico e coordinación, dacordo ao estilo e expresividade propias da Danza Húngara. (50%)</p>
DANZA GALEGA ACCESO A 4º GRAO ELEMENTAL _10%_ Este apartado consistirá na realización de diferentes exercicios no centro que inclúan paseños, puntos, picados e voltas, tanto de xota como de muiñeira.	
<p>CONTIDOS</p> <p>Picados, paseos e puntos básicos de muiñeira e xota</p>	<p>CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN</p> <p>Executar un exercicio práctico no que o aspirante amose</p> <p>1-sentido ritmico (25%)</p> <p>2- coordinación (25%)</p> <p>3- estilo (25%)</p> <p>4- expresividade (25%)</p>
MÚSICA ACCESO A 4º GRAO ELEMENTAL _10%_ O apartado de música, constará de 3 partes: Un exercicio para valorar as aptitudes rítmicas; Un exercicio para valorar as aptitudes auditivas mediante unha proba de audición; Un exercicio para valorar os coñecementos teóricos.	
<p>CONTIDOS</p> <p>Ademáis dos contidos dos cursos anteriores serán: Compás de 6/8 Tresillo y dosillo Sincopas Notas a contratempo A frase cadrada . Funcións tonais. Intervalos (Ascen. Descen., Conx. Disx., simpl. Compost, Arm. MeL, N°Alteracións Escala maior e menor diatónica. Dinámica e agónica Patróns de danzas populares A voz: respiración, emisión, entoación, articulación. Aspectos interpretativos da canción: afinación, precisión, dicción e expresión. Cánons Instrumentos musicais clásicos. Principais agrupacións instrumentais</p>	<p>CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN</p> <p>1-Interpretar, vocal ou rítmicamente, pezas escritas. 2-Recoñecer e identificar acento periódico dunha obra ou fragmento. 3-Entoar unha melodía ou canción tonal con acompañamento. 4-Diferenciar a través da audición as sonoridades dos instrumentos da orquestra, agrupacións máis significativas. 5-Distinguir e facer uso dos elementos que se utilizan na representación gráfica da música (notas, figuras, clave, indicacións de dinámica, de tempo, o compás) 6- Improvisar estruturas rítmicas sobre un fragmento escoitado. 7-Recoñecer e valorar a riqueza do noso folclore. 8-Reproducir por escrito fragmentos sinxelos rítmicos e melódicos escoitados. 9-Aplicar a linguaxe musical necesaria para realizar análises de audicións 10-Recoñecer auditivamente escalas maiores e menores.</p>
<p><i>*Todos os indicadores de avaliación terán o mesmo valor</i></p>	

DANZA CLÁSICA ACCESO A 4º DE GRAO ELEMENTAL_70%_Execución de exercicios de base académica no chan, na barra e no centro, do nivel do curso anterior ao que se pretende acceder. A duración non será superior a 90 minutos e serán dirixidos e acompañados por profesorado e profesorado pianista do centro.

CONTIDOS

Chan: Exercicios de flexibilidade e Grand Battement

Barra:

Demipliés, grand pliés e relevés en 1ª, 2ª e 3ª posición, Souplesse a 90º en avant e ao lado Battement tendu e jetés en todas as direccións con e sen plié Rond de jambe en dehors e en dedans a 2 tempos Coupés e retirés fronte a barra. Preparación pirouette a pe plano, Relevés a coupé e a retiré desde 3ª plié Pas de bourré por coupé en dehors e en dedans. Preparación do frappé

Centro: Port de bras. Battement tendu con cambios de dirección croisé e effacé Vals, soussu Echappés, changement, soubresaut, preparación do assemblé

Exercicio de **Improvisación**

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN
1- Exercicios de Barra

Comprobar a progresión na colocación do corpo, valorando ademais a súa coordinación e a potenciamuscular para a obtención dunha base sólida e segura.

2- Exercicios de tendus no centro Con este criterio trátase de comprobar se o alumno tomou conciencia do seu equilibrio, da colocación do eixo corporal e das direccións no espazo e da coordinación nos movementos de brazos, pernas e cabeza.

3- Exercicio de Adagio e port de bras Trátase de comprobar se o alumno tomou conciencia do seu equilibrio, da colocación do eixo corporal e das direccións no espazo e da coordinación nos movementos de brazos, pernas e cabeza.

4- Exercicio de Saltos. Comprobar o pulo ao dobrar e estirar as pernas rapidamente, o estiramento e forza do pé e do nocello, o centro e suxeición do demi plié para o empurre e a recepción do salto, a suxeición do torso, así como a elevación das cadeiras no salto e a coordinación de brazos e cabezas.

5- Improvisacións. Con este criterio trátase de comprobar a creatividade, naturalidade e musicalidade do alumno/a.

**Todos os indicadores de avaliación terán o mesmo valor*



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES